

AS PANTASMAS DE ISMAEL

Título orixinal *Les fantomes d'Ismaël* **Dirección e guión** Arnaud Desplechin
Ano 2017 **Duración** 110' **País** Francia **Lingua** Francés **Montaxe** Laurence Briaud
Música Grégoire Hetzel **Dirección de fotografía** Irina Lubtchansky **Deseño de produción** Toma Baqueni **Producción** Pascal Caucheteux **Produción executiva** Oury Milshtein, Frantz Richard **Reparto** Mathieu Amalric, Marion Cotillard, Charlotte Gainsbourg, Louis Garrel, Alba Rohrwacher **Distribución** La Aventura Audiovisual

Sinopse Con mirada de curuxa insomne, Mathieu Amalric dálle vida a Ismaël Vuillard, contrafigura do propio Desplechin, que, en pleno proceso de creación dun filme, terá que lidar co regreso da esposa (Marion Cotillard) que cría morta dende hai máis de dúas décadas, presenza que vai tensar a súa actual relación sentimental (Charlotte Gainsbourg) e os seus vencellos co pai (Láwsló Szábo) da reaparecida, tamén cineasta e, para maior multiplicación de ecos, especializado no tema da ausencia.

Festivais e galardóns Sección Oficial no Festival de Cannes 2017 (filme de apertura).

PRÓXIMAS SESIÓNS | FEBREIRO 2019

Martes 12 **EN CORPO E ALMA**
(Ildikó Enyedi, 2017, Hungría, 116')

Martes 19 **THE FLORIDA PROJECT**
(Sean Baker, 2017, EE UU, 115')

Martes 26 **BURNING**
(Lee Chang-dong, 2018, Corea do Sur, 148')

www.facebook.com/cineclubepontevedra • cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo • [instagram.com/cineclubepontevedra](https://www.instagram.com/cineclubepontevedra)

Organiza:



Coa colaboración de:



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



AS PANTASMAS DE ISMAEL

ARNAUD DESPLECHIN

CINECLUBE PONTEVEDRA

«Desplechin, en definitiva, ofrécese en sacrificio tan nu e caótico coma —haino que admitir— irrenunciable. Diríase que *Les fantômes d’Ismaël* é toda ela un gran monumento á imperfección. Mais imperfección non entendida coma unha carencia senón coma a mellor definición de case todo: da vida, da arte e, xa postos, da propia perfección.»

LUIS MARTÍNEZ

«Imprimelle unha axilidade atlética a unha proposta tan potencialmente densa, ofrecendo unha lección maxistral de control sobre unha perpetua corda frouxa expresiva, mentres temas relevantes —a desigualdade dos afectos, a culpa sentimental, o narcisismo tóxico— ábrese paso sen que pese nunca o discursivo, porque, aínda que Lacan estea baixo a alfombra, o que prima é un moi singular sentido do espectáculo.»

JORDI COSTA

ARNAUD DESPLECHIN: «TODOS OS DIRECTORES QUIXEMOS MATAR ALGUNHA VEZ O NOSO PRODUTOR»

É un dos autores máis orixinais e excéntricos do cinema francés actual. No seu último filme, As pantasma de Ismael, vólvelle dar renda solta ao seu gusto polas tramas impredecibles e as filigranas visuais para retratar un director de cinema envolto nun estraño triángulo amoroso e outras crises vitais.

Ismael (Mathieu Amalric) é o primeiro personaxe da súa filmografía que se dedica a dirixir filmes. Canto hai de vostede nel? Ismael é o tipo de director que eu adoraría ser. Permítese a si mesmo facer todo o que para min está prohibido. É un tipo groseiro e maleducado, e atreveuse mesmo a dispararlle ao seu produtor cunha arma. Admitámolo: todos os directores quixemos matar algunha vez o noso produtor. Así que, resumindo, Ismael é coma un pequeno demo sobre o meu ombreiro esquerdo.

Ismael tamén bebe coma unha esponxa... A min encántame beber, e cando rodo un filme teño que estar absolutamente sobrio. Gústame que sexa así, mais ao final da rodaxe doume dúas semanas de homenaxe. John Ford adoitaba encher a súa bañeira con whisky e ficar dentro dela durante un mes, até baleirala bebendo. Eu emborráchome durante dúas semanas e

despois vou á sala de montaxe para ver o que a miña montadora estivo facendo co material rodado. Xeralmente paréceme terrible, así que teño que deixar de beber de novo para poñerme a traballar.

Vendo *As pantasma de Ismael* é inevitable non detectar abondas referencias a outros filmes, algúns dirixidos por vostede e outros por outros cineastas. Son deliberadas? Inevitablemente. Mentres escribía o guión houbo un intre en que comprendín que estaba inspirándome demasiado en Ingmar Bergman, especialmente en filmes coma *Persona* ou *A vergoña*, así que, para compensar, decidín comezar a pensar en Hitchcock; por iso incluí varias referencias a *Vertigo*, que se cadra é o mellor filme que existe. Mais coido que, en realidade, hai citas a todos os filmes responsables da miña educación cinematográfica, coma *8 e medio* ou *Broadway Danny Rose*. Todo o que son débollo a esas e outras ficcións. Os meus filmes son as miñas verdadeiras figuras paternas.

Este é o seu undécimo filme. E sete deles protagonizounos Mathieu Amalric. Considérao o seu *alter ego*? Non, todos os meus personaxes, e todas as persoas que os interpretan, son o meu *alter ego*. En todo caso, con Mathieu é especial. A nosa non é só unha relación entre actor e director, porque el tamén dirixe e adoro os seus filmes. O que facemos xuntos é un diálogo que se prolonga en cada novo filme. E cada vez é máis duro traballar con el porque cada vez que o facemos eu trato de sorprendelo a el e el de sorprendeme a min. É un dos motivos polos que ao final da rodaxe d’*As pantasma de Ismael* me sentín completamente baleiro. E xa non me queda nada para o próximo filme. Nunca me pasara.

Sorpréndelle? A min todo o relacionado con facer filmes ségueme sorprendendo. De entrada, porque eu non tería que terme dedicado a isto. Os meus pais non tiñan nada que ver con este mundo e eu non coñecía ninguén relacionado con el. Aos oito anos soñei que ía ser director e agora, tanto tempo despois, sigo tratando de selo: de poñer a cámara no lugar correcto, de narrar con sofisticación, de conectar co público.

SALVÁ, N. (2 de decembro de 2018). Arnaud Desplechin: “Todo director ha querido matar a su productor”. *El Periódico*. Recuperado de: <https://www.elperiodico.com/es/ocio-y-cultura/20181202/entrevista-arnaud-desplechin-director-los-fantasmas-de-ismael-7180352>.

Tradución ao galego: Cineclub Pontevedra.